



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONOMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0003/20 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0003/20

As características da promoción son as seguintes:

Localización: RÚA SAN FRANCISCO, 15 - VIGO

Forma de acceso: COMPRA

Estado de execución: EN EXECUCIÓN. Data prevista remate: 14-09-2021

Número e tipoloxía das vivendas: 2 para quenda Xeral.

Vivenda A (Baixo e primeiro andar) (Acceso pola Rúa San Francisco):	110,54 m ²	3 dormitorios
Vivenda B (Segundo e terceiro andar) (Acceso pola Rúa Poboadores):	119,65 m ²	3 dormitorios

Prezo de venda:

Vivenda A: **188.000,00 €** Vivenda B: **210.000,00 €**

Forma de pago:

CHEQUE BANCARIO.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de promoción autonómica non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

